



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 1

Sesión da Deputación Permanente
2 de novembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Constitución da Deputación Permanente

Punto 2. Elección da Mesa da Deputación Permanente (art. 41 do Regulamento)

SUMARIO

Ábrese a sesión á unha e trinta minutos da tarde.

Constitución da Deputación Permanente

Preside a sesión don Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento, acompañado polos restantes membros da Mesa e polo señor letrado oficial maior.

O señor presidente solicítalle á secretaria, a señora Arias Rodríguez, que proceda á comprobación de quórum. (Páx. 4.)

Logo do chamamento e verificada a presenza dos membros titulares designados polos grupos parlamentarios, o señor presidente dá por constituída a Deputación Permanente. (Páx. 4.)

Elección de vicepresidente ou vicepresidenta e de secretario ou secretaria da Deputación Permanente

O señor presidente indica que a continuación, consonte os artigos 56.3 e 36 do Regulamento, procede elixir un vicepresidente ou vicepresidenta e un secretario ou secretaria, polo que lles lembra aos presentes os detalles do proceso de elección e lle solicita á señora secretaria que comece o chamamento para a primeira das votacións. (Páx. 5.)

A señora secretaria da Mesa do Parlamento, Arias Rodríguez, procede a efectuar o chamamento dos membros da Deputación Permanente para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 5.)

Logo do escrutinio, resulta elixido vicepresidente da Deputación Permanente don Diego Calvo Pouso por 12 votos a favor e 10 en branco. (Páx. 5.)

O señor presidente solicítalle á señora secretaria que faga o chamamento para a segunda votación. (Páx. 5.)

A señora secretaria da Mesa do Parlamento, Arias Rodríguez, procede a efectuar o chamamento dos membros da Deputación Permanente para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 5.)

Logo do escrutinio, resulta elixida secretaria da Deputación Permanente dona Noela Blanco Rodríguez por 8 votos a favor e 14 votos en branco. (Páx. 5.)

Constituída a Deputación Permanente e proclamados os membros que forman a mesa deste órgano, o señor presidente dá por finalizada a sesión.

Remata a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión á unha e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos proceder á constitución da Deputación Permanente.

Constitución da Deputación Permanente

O señor PRESIDENTE: Prégolle á secretaria da Mesa que dea lectura dos nomes dos membros designados polos grupos parlamentarios para integrar a Deputación Permanente co fin de verificar a existencia de quórum e de que poida constituírse formalmente.

Cando queira.

A señora SECRETARIA DA MESA DO PARLAMENTO (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

Álvarez Martínez, Luis Manuel: Si.
Blanco Rodríguez, Noela: Si.
Calvo Pouso, Diego: Si.
Conde López, Francisco José: Si.
Cuña Bóveda, María de los Ángeles: Si.
Díaz Mouteira, María Sol: Si.
Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Si.
Mato Otero, Beatriz: Si.
Núñez Feijóo, Alberto: Si.
Pontón Mondelo, Ana Belén: Si.
Prado del Río, Paula: Si.
Puy Fraga, Pedro: Si.
Rodil Fernández, Olalla: Si.
Rodríguez González, Román: Si.
Rueda Valenzuela, Alfonso: Si.
Sánchez García, Antón: Si.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.
Santos Queiruga, Carmen: Si.
Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si.
Vázquez Almuíña, Jesús: Si.
Vilán Lorenzo, Patricia: Si.
Villares Naveira, Luis: Si.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Queda, polo tanto, constituída a Deputación Permanente.

Elección de vicepresidente ou vicepresidenta e de secretario ou secretaria da Deputación Permanente

O señor PRESIDENTE: Agora procedemos á elección da súa Vicepresidencia e Secretaría. Isto farémolo de acordo co recollido nos artigos 56.3 e 36 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Será en votación separada para a Vicepresidencia e a Secretaría. A votación será secreta por papeletas tras o chamamento nominal das señoras e dos señores deputados.

Lémbrolles ás súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que o chamamento se efectuará por orde alfabética. Resultarán elixidos os que obteñan máis votos.

Distribúense, polo tanto, as papeletas, e comezamos coa elección da Vicepresidencia.

(A señora secretaria da Mesa do Parlamento, Arias Rodríguez, procede a efectuar o chamamento dos membros da Deputación Permanente, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Queda alguén por exercer o seu dereito ao voto? *(Negación.)*

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación para a Vicepresidencia é o seguinte: don Diego Calvo Pouso, 12 votos; en branco, 10 votos.

Polo tanto, queda proclamado vicepresidente da Deputación Permanente don Diego Calvo Pouso.

Procedemos agora á votación para a elección da Secretaría.

(A señora secretaria da Mesa do Parlamento, Arias Rodríguez, procede a efectuar o chamamento dos membros da Deputación Permanente, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Queda alguén por exercer o seu dereito ao voto? *(Negación.)*


(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é o seguinte: dona Noela Blanco Rodríguez, 8 votos; en branco, 14 votos.

Polo tanto, queda proclamada secretaria da Deputación Permanente dona Noela Blanco Rodríguez. E queda constituída a Mesa da Deputación Permanente do seguinte xeito: o presidente, que é quen lles fala; vicepresidente, don Diego Calvo Pouso; e secretaria, dona Noela Blanco Rodríguez.

Levántase a sesión.

Remata a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25